



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de agosto de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2021/2022 OU DO ANO 2022 NO CASO DE MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE 11356/224.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do servizo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de abril de 2022 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as Bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO os días 5 e 6 de maio de 2022, respectivamente. O prazo de presentación de solicitudes foi do 9 ao 23 de maio de 2022.

Conforme establece a Base décima, as solicitudes e documentación debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A mesma Base décima establece o prazo de presentación solicitudes: 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 79 solicitudes en prazo e 2 solicitudes fóra do dito prazo.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas en prazo, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 1.500 € (apartado 3 da Base 8ª), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV) conforme ao apartado 4 da Base 5ª.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 03:46	Páxina 1 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade, que actuou como presidenta, D^a Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade, e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 15 de xullo de 2022 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na Base 7^a da convocatoria.

Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas así como a proposta de denegación para as dúas solicitudes que non foron presentadas en prazo:

- Club Balonmán Seis do Nadal-Coia G36948115, expte. 11637/224, registrou a súa solicitude o 24/05/2022
- Escuelas Deportivas Vigo 2015 Fútbol Sala, G36982239, expte. 11638/224, registrou a súa solicitude o 26/05/2022

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

Por presentar a solicitude fóra do prazo establecido, de acordo coa Base décima:

- Club Balonmán Seis do Nadal-Coia G36948115, expte. 11637/224
- Escuelas Deportivas Vigo 2015 Fútbol Sala, G36982239, expte. 11638/224

2º.- Conceder, con cargo á partida “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2021/2022”, por un importe total de corenta e catro mil novecentos noventa e sete euros con cincuenta e tres céntimos (44.997,53 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades e a contía das axudas concedidas.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 03:46	Páxina 2 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 03:46	Páxina 3 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I: SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO ANO 20202. RELACIÓN DE ENTIDADES E CONTÍA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO DEPORTE	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTOS	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB CIOS VIGO FS	G36795680	FÚTBOL SALA	A	1,500.00 €	8	387.70 €
CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED	G36571123	HOCKEY LIÑA	A	480.00 €	12	480.00 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA SODIM	G27727965	VELA ADAPTADA	A	980.00 €	7	339.24 €
CLUB MINAUTA	G36834240	MOTONÁUTICA ADAPTADA	A	1,000.00 €	7	339.24 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA VALLADARES	G36765733	PATINAXE ARTÍSTICA	A	1,500.00 €	16	775.39 €
CLUB MANIOTAS	G36684819	XIMNASIA RÍTMICA	A	1,500.00 €	20	969.24 €
CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	CICLISMO	A	650.00 €	7	339.24 €
REBOURAS TEAM	G27812650	BOXEO	A	1,500.00 €	10	484.62 €
CLUB PIRAGÜISMO OLÍVICO	G27822006	PIRAGÜISMO	A	500.00 €	12	500.00 €
CLUB NATACIÓN VIGO RÍAS BAIXAS	G36827079	NATACIÓN	A	1,500.00 €	14	678.47 €
CLUB DEPORTIVO PÁDEL FEMININO CIES	G27713759	PÁDEL	B	1,500.00 €	10	484.62 €
CLUB DEPORTIVO BOSCO	G36692317	BALONCESTO	A	1,500.00 €	24	1,163.09 €
CLUB APÓSTOL SANTIAGO	G36646446	BALONCESTO	A	1,500.00 €	21	1,017.71 €
		PATINAXE	A			
		XIMNASIA RÍTMICA	A			
CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	TAEKWONDO	B	1,000.00 €	8	387.70 €
CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	G36927689	ATLETISMO	A	1,500.00 €	25	1,211.55 €
CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	G36869873	ESGRIMA	A	1,500.00 €	9	436.16 €
CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	HALTEROFILIA	A	1,500.00 €	10	484.62 €
CLUB NATACIÓN TRAVIESAS	G36823524	NATACIÓN	A	1,500.00 €	8	387.70 €
CLUB DEPORTIVO SEUNGSPORT	G27810761	TAEKWONDO	B	1,500.00 €	8	387.70 €
CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	PETANCA	A	500.00 €	9	436.16 €
CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	G36713493	VOLEIBOL	A	1,500.00 €	22	1,066.17 €
CLUBE AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICA (CARPA)	G36645091	PATINAXE ARTÍSTICA	A	1,000.00 €	18	872.32 €
TRASNOS BÉISBOL CLUB	G27750645	BÉISBOL/SÓFBOL	A	500.00 €	8	387.70 €
CLUB DEPORTIVO COLEXIO MARIANO	G36649408	BALONCESTO	A	506.00 €	15	506.00 €
CLUB MARÍTIMO DE CANIDO	G36630127	VELA	A	1,500.00 €	7	339.24 €
CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO	G36629657	FÚTBOL	A	700.00 €	11	533.08 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 03:46	Páxina 4 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO DEPORTE	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTOS	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB DEPORTIVO FLIC FLAC	G36931582	XIMNASIA ACROBÁTICA	A	1,000.00 €	24	1,000.00 €
FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	G36704666	PATINAXE ARTÍSTICA	A	1,500.00 €	12	581.55 €
SÁRDOMA CF	G36615607	FÚTBOL	A	1,500.00 €	14	678.47 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA GALICIA SOCIAL	G36622934	BALONMÁN	A	700.00 €	13	630.01 €
CLUB KAYAK VIGO	G36978559	PIRAGÜISMO	A	700.00 €	10	484.62 €
VIGO RUGBY CLUB	G36680924	RUGBY	A	1,500.00 €	10	484.62 €
C.A.R. MARISQUEIRO	G27737477	MONTAÑISMO	B	1,500.00 €	8	387.70 €
ESPELEO CLUB ARADELAS	G36642247	ESPELEOLOXÍA	B	350.00 €	5.5	266.54 €
GALICIA MAXICA TRAIL ADVENTURE	G27782168	MONTAÑISMO	B	500.00 €	7.5	363.47 €
CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTÍSTICA	G36811974	PATINAXE ARTÍSTICA	A	800.00 €	18	800.00 €
CLUB PEÑASCO	G27804970	FÚTBOL	A	500.00 €	6	290.77 €
CLUB PETANCA DO LUME	G36852671	PETANCA	A	400.00 €	13	400.00 €
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO	G27865831	PATINAXE ARTÍSTICA	A	1,500.00 €	14	678.47 €
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	FÚTBOL	A	1,500.00 €	6	290.77 €
CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	PATINAXE	A	1,500.00 €	22	1,066.17 €
CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G36614097	PÁDEL	B	1,500.00 €	6,5	315.00 €
		TENIS	B			
CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G36637890	MONTAÑISMO	B	1,500.00 €	10.5	508.85 €
		ESPELEOLOXÍA	B			
CLUB VIGO SQUASH	G36929511	SQUASH	A	1,500.00 €	8	387.70 €
CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G36630192	MONTAÑISMO	B	500.00 €	7	339.24 €
CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	FÚTBOL	A	1,000.00 €	6	290.77 €
INDEPENDIENTE FÚTBOL CLUB	G36710416	FÚTBOL E FÚTBOL GAÉLICO	A	540.00 €	10	484.62 €
CLUB PETANCA VIGO	G36702413	PETANCA	A	700.00 €	8	387.70 €
CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES	G36805158	FÚTBOL SALA	A	1,500.00 €	7	339.24 €
CLUB BADMINTON CIES	G36827418	BÁDMINTON	B	500.00 €	7	339.24 €
CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	PETANCA	A	1,200.00 €	8	387.70 €
AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	G36645109	ATLETISMO	A	1,500.00 €	13	630.01 €
BALAIOS CF	G36737724	FÚTBOL E FÚTBOL SALA	A	1,500.00 €	9	436.16 €
UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	G36810075	BALONMÁN	A	1,500.00 €	12	581.55 €
VETERANAS DE BALONMANO	G27847615	BALONMÁN PRAIA	A	1,500.00 €	14	678.47 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/07/2024 03:46

Páxina 5 de 7

SUBVENCIONS

CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO DEPORTE	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTOS	CONTÍA CONCEDIDA
CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	TRIATLON E DUATLON	A	1,500.00 €	8	387.70 €
C. D. BLACK VOLEY VIGO	G27747864	VOLEIBOL	A	900.00 €	14	678.47 €
CLUB SAN IGNACIO DE LUCHA	G36708303	LUCHA LIBRE E GRECORROMANA	A	800.00 €	8	387.70 €
S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL	G36645018	ATLETISMO	A	1,500.00 €	9	436.16 €
CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	DEPORTE ADAPTADO	A	1,500.00 €	6	290.77 €
CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S.	G36886422	FÚTBOL SALA	A	1,500.00 €	15	726.93 €
VIGO ROLLER DERBY	G27784552	PATINAXE	A	1,000.00 €	14	678.47 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	NATACIÓN ARTÍSTICA	A	1,500.00 €	23	1,114.63 €
CLUB BALONA LINENSE F.S.	G36985984	FÚTBOL SALA	A	1,500.00 €	11	533.08 €
CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	G36686376	BALONMÁN	A	1,500.00 €	15	726.93 €
CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	BALONCESTO	A	1,500.00 €	19	920.78 €
CLUB DEPORTIVO SAN JOSÉ DE CLUNY VIGO	G27857465	BALONCESTO	A	541.00 €	11	533.08 €
CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	PATINAXE ARTÍSTICA	A	1,500.00 €	12	581.55 €
AS SPORT VIGO	G27749837	TAEKWONDO	B	1,500.00 €	7.5	363.47 €
ILLAS CÍES TENIS DE MESA	G27849090	TENIS DE MESA	B	500.00 €	7	339.24 €
CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	VOLEI PRAIA	A	1,500.00 €	17	823.86 €
CLUB DEPORTIVO CSCR BEADE	G36904530	ATLETISMO	A	676.00 €	14	676.00 €
		PETANCA	A			
CLUB BAILE DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	BAILE DEPORTIVO	A	1,500.00 €	11	533.08 €
CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G27768118	BALONMÁN PRAIA	A	1,500.00 €	12	581.55 €
CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G36942142	BALONCESTO	A	1,500.00 €	21	1,017.71 €
CLUB BAILE DEPORTIVO AL COMPÁS	G27711597	BAILE DEPORTIVO	A	1,000.00 €	13	630.01 €
CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA RÍAS BAIXAS VIGO	G27763812	NATACIÓN ARTÍSTICA	A	1,500.00 €	16	775.39 €
COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	ATLETISMO	A	1,000.00 €	15	726.93 €
CLUB CIES SQUASH	G27869437	SQUASH	A	1,500.00 €	13	630.01 €
					946.5	44,997.53 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 03:46	Páxina 6 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 03:46	Páxina 7 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A1AA52-BAA157-C58FE8-D95LHM-8338P5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		